



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 23 DE

MARZO DE 2015

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas e vinte minutos do día vinte e tres de marzo de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Fernando Caride Suárez, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asisten e presentan escusa don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz e dona Marta Maria Vázquez Golpe.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 16 de marzo de 2015

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 16 de marzo de 2015 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros presentes que asistirán á citada sesión (non asistiu don Santiago Manuel Ríos Rama), aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia

- Orde do 6 de marzo de 2015, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 55, do 23 de marzo de 2015).

- Anuncio da Demarcación de Costas, Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, respecto do trámite de audiencia no expediente de deslinde dos bens de dominio público marítimo terrestre do tramo de mil catrocentos oitenta e dous (1.482) metros, comprendido entre a fábrica de Kelsa, no límite co termo municipal de Cambre e a ponte do Burgo, no río Mero, no termo municipal de Culleredo (A Coruña), no que non se produciron cambios con respecto da delimitación mostrada no acto de apeo. (Boletín Oficial da Provincia número 53, do 19 de marzo de 2015).



- Orde do 9 de marzo de 2015, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016. (Diario Oficial de Galicia número 52, do 17 de marzo de 2015).

- Resolución do 6 de marzo de 2015, da Axencia Turismo de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos para o fomento da accesibilidade e sinalización nos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se anuncia a convocatoria para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 53, do 18 de marzo de 2015).

- Anuncio da Secretaría Xeral. Servizo de Contratación da excma. Deputación Provincial da Coruña, de contratación mediante procedemento aberto e cun único criterio de valoración das obras incluídas no Plan de conservación de vías provinciais 2015, primeira fase. Figura no grupo 10: Cambre e Carral, cun orzamento de 339.955,11 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 53, do 19 de marzo de 2015).

- Anuncio do Concello de Cambre, da aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal número 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos. (Boletín Oficial da Provincia número 51, do 17 de marzo de 2015).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que a partir do vindeiro luns se porá en servizo en modo de proba un microbús que realizará o percorrido entre a piscina da Barcala e a piscina de Sada, con saída ás 9,30 horas e regreso ás 11.30 horas, a fin de mantelo durante as obras da piscina da Barcala, se ten un volume de persoas que así o xustifique. Engade que está destinado para persoas que non teñen vehículo ou que teñen dificultades.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que hoxe está previsto que comece a funcionar a iluminación entre A Castellana e Fabás.

A continuación, informa que hoxe comezan as obras do semáforo de Enxertos e o do Seixal, e, seguramente, esta semana a instalación estará preparada para que entre en funcionamento.

Igualmente, informa que o venres comezou a funcionar o semáforo de Altamira.

A seguir, informa que rematarán as obras de reforma do soto do parvulario da Balastreira. Engade que continuarán acondicionando por fóra a beirarrúa, etc.



Para rematar a súa intervención, don Manuel Marante Gómez informa que hoxe se rematarán os pasos de peóns situados en Cambre, na fronte da igrexa e o do campo da feira.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Ríos Rama informa que os pasados días 19, 20 e 21 do mes que andamos se levou a cabo a “Cambretoon, I festival de cine de animación”, cunha homenaxe do concello a don Angel de la Cruz, ganador de varios premios Goya.

A continuación, informa que o vindeiro día 26 de marzo se inaugurará a exposición premio BD Deputación. Engade que terá lugar na sala de exposicións da biblioteca central e estará exposta ata o día 8 de maio de 2015.

A seguir, informa que o día 29 de marzo, día da familia, terá lugar o concerto “de aquí para alá”, de Lydia Botana, ás 12.00 horas no centro sociocultural do Graxal. Engade que é para público familiar, con entrada libre ata completar aforo.

Para rematar a súa intervención, don Santiago Manuel Ríos Rama informa que o sábado, día 28 de marzo, e o luns e martes, días 30 e 31 respectivamente, dentro do ciclo cine en vacacións, se proxectarán no Graxal e na Barcala as películas “Mortadelo e Filemón” e “Os pingüinos de Madagascar”, con entrada libre ata completar aforo.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que o Concello de Cambre ven desenvolvendo medidas de conciliación familiar, persoal e laboral dende o ano 2003. Grazas ao desenvolvemento destas políticas de igualdade foi seleccionado para participar no “proxecto equilibrio-balance” promovido polo Instituto da Muller. Froito desta colaboración xurde o programa “concilia tarde” para completar as medidas municipais de conciliación dirixidas ás familias. O obxectivo final será a aprobación do I plan de conciliación da vida persoal, familiar e profesional da cidadanía de Cambre.

A continuación, informa que o mércores tiveron o acto de presentación do borrador correspondente ao primeiro plan de conciliación de vida laboral e familiar para o 2015. Engade que se presentou a recopilación de todos os datos obtidos coa colaboración de asociacións veciñais, anpas, asociacións de diversidade funcional e representacións de grupos políticos. O citado plan levarase posteriormente ao Pleno para a súa aprobación. Manifesta que houbo unha grande asistencia de público.

A seguir, informa que continúan coas charlas de prevención de drogas no instituto David Buján e di que hoxe comezarán cos alumnos de 3º de ESO.

Para rematar a súa intervención, dona Maria Jesús González Roel informa que o vindeiro mércores, día 25 de marzo, se inaugurará a despensa municipal na Barcala, ás 12.00 horas.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Manuel Rivas Caridad

Maria Luisa de la Red Ampudia